



Guía Docente				
Datos Identificativos			2014/15	
Asignatura (*)	Traballo de Fin de Grado	Código	652G03041	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos	1. Para matricularse no Traballo de Fin de Grao, o alumnado poderá ter pendentes como máximo 78 créditos para completar os estudos, incluídos os correspondentes ao TFG e ter superados todos os da primeira metade do Grao. Non obstante poderá matricularse do TFG, sen ter superadas todas as materias da primeira metade, cando o número total de créditos pendentes sexa igual ou inferior a 30 créditos, sen contar os que correspondan ao TFG. 2. Para defender o Traballo de Fin de Grao é necesario ter superadas todas as materias do Plan de Estudos, e mais ter o informe favorable da dirección académica do mesmo.			
Departamento	Filosofía e Métodos de Investigación en Educación Pedagogía e Didáctica Psicoloxía Evolutiva e da Educación			
Coordinación	Espiñeira Bellon, Eva Maria	Correo electrónico	eva.espineira@udc.es	
Profesorado	Arias Rodriguez, Maria Alicia Arza Arza, Neves Candedo Gunturiz, Maria Dolores Fatima Clemente Diaz, Miguel Cruz Lopez, Laura Digon Regueiro, Alba Patricia Espiñeira Bellon, Eva Maria Ferradás Canedo, María del Mar Franco Taboada, Victoria García Fernández, Manuel García-Fuentes de la Fuente, Carmen Gonzalez Cabanach, Ramon Iglesias Galdo, Ana Maria Iglesias Salvado, Jose Luis Malheiro Gutiérrez, José Manuel Piñeiro Aguin, Isabel Pose Porto, Hector Manuel Ramos Rodriguez, Xosé Rodriguez Romero, María del Mar Rumbo Arcas, Maria Begoña Serantes Pazos, Araceli Teasley Severino, Cathryn	Correo electrónico	alicia.arias.rodriguez@udc.es neves.arza@udc.es dolores.candedo@udc.es miguel.clemente@udc.es laura.cruz@udc.es patricia.digon@udc.es eva.espineira@udc.es mar.ferradasc@udc.es v.franco@udc.es manuel.garcia.fernandez@udc.es carmen.garcia-fuentes@udc.es r.cabanach@udc.es ana.iglesias@udc.es jose.luis.iglesias@udc.es jose.malheirog@udc.es isabel.pineiro.aguin@udc.es hector.pose@udc.es jose.ramos@udc.es mar.rromero@udc.es begona.rumbo@udc.es araceli.serantes.pazos@udc.es cathryn.teasley1@udc.es	
Web				



Descrición xeral	<p>O Regulamento para a elaboración do Traballo de Fin de Grao na Facultade de Ciencias da Educación, establece que o TFG debe reflectir as competencias específicas do Practicum, así como as propias do resto de materias do grao.</p> <p>O TFG supón a realización, por parte de cada estudante e de forma individual, dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a supervisión da dirección académica asignada.</p> <p>Neste traballo deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período de docencia do grao, e en concreto: a capacidade para a búsqueda, xestión, organización e interpretación de datos relevantes- da súa área de estudo- co obxecto de emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e facilitar o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.</p> <p>Trátase dunha materia de 6 créditos, o que se corresponde con 150 horas de traballo para o alumnado.</p> <p>Dadas as características da materia a porcentaxe do horas de traballo presencial será acordada en última instancia pola persoa/s encargada/s de dirixir o Traballo de Fin de Grao, establecéndose como obrigatorio que cada alumno/a realice polo menos tres titorías presenciais.</p> <p>O Regulamento para a elaboración do Traballo de Fin de Grao na Facultade de Ciencias da Educación, establece que o TFG debe reflectir as competencias específicas do Practicum, así como as propias do resto de materias do grao, e promover a sostibilidade.</p>
-------------------------	--

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Capacidade para indagar e producir coñecemento nun determinado campo.	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A3	B3	C3
	A4	B4	C4
	A5	B5	C5
	A6	B6	C6
	A7		C7
	A8		C8
	A9		
	A10		
	A11		
	A12		
	A13		
	A14		
	A15		
	A16		
	A17		
	A18		
	A19		
	A20		
	A21		



Capacidade para comunicar o coñecemento adquirido a unha audiencia.	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A3	B3	C3
	A4	B4	C4
	A5	B5	C5
	A6	B6	C6
	A7		C7
	A8		C8
	A9		
	A10		
	A11		
	A12		
	A13		
	A14		
	A15		
	A16		
	A17		
	A18		
	A20		
	A21		

Contidos	
Temas	Subtemas
<p>Procedemento para a elección de temas:</p> <p>1. Ata o 30 de setembro: proposta por parte dos Departamentos dos temas ou as liñas dos TFG e os directores.</p> <p>2. Ata o 30 de outubro: a comisión de titulación aprobará e fará pública unha listaxe cos temas, así como co número de estudantes que poden escoller cada tema e os criterios de asignación.</p> <p>3. Os períodos de solicitude de temas por parte do estudantado, por orde de preferéncia dun número mínimo de tres temas ou liñas son:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Antes do 30 de novembro (para alumnado matriculado no período ordinario de matrícula). - Antes do 30 de marzo (para alumnado matriculado no período de ampliación de matrícula). - Antes do 15 de outubro (para alumnado que só teña pendente o TFG e queira examinarse nas oportunidades de xaneiro e/ou xuño). <p>4. Listaxe provisoria.</p> <p>5. Período de reclamación.</p> <p>6. Listaxe definitiva.</p>	<p>Unha vez publicada a oferta de temas, o alumnado matriculado na materia será convocado á reunión de elección de temática.</p> <p>Proceso de elección consistirá en que o alumando será chamado a elixir unha liña temática segundo o seu expediente académico. O proceso rematará cando todo o alumnado presente teña unha temática asignada.</p>

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Presentación oral	1	9	10



Traballos tutelados	0	137	137
Atención personalizada	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	<p>SOLICITUDE DE DEFENSA:</p> <p>Unha vez finalizado o proceso de elaboración do TFG, e unha vez obtido o informe favorable do director/a do mesmo, o alumnado terá que presentar, no prazo e lugar establecido polo centro, 3 exemplares en papel do seu TFG e un en formato dixital, así coma o impreso de solicitude de avaliación.</p> <p>DEFENSA:</p> <p>Unha vez que se faga pública a convocatoria do tribunal, o alumnado debe presentarse á hora indicada e agardar a ser chamado polo secretario/a do mesmo.</p> <p>Para a defensa deberá acudir cun documento identificativo (DNI ou Pasaporte), e o resto de documentos que se soliciten, se é o caso.</p> <p>Para a exposición, que será pública, disporá dun tempo de 15 minutos e o tribunal disporá de 15 minutos para realizar as preguntas que estimen oportunas e debatir co alumno/a.</p> <p>O alumnado poderá utilizar canto material sexa preciso para exposición.</p>
Traballos tutelados	<p>O alumnado realizara o TFG baixo a supervisión e guía da súa dirección académica.</p> <p>A dirección será responsable de expoñerlle ao estudantado as características do traballo, e orientalo no seu desenvolvemento. Realizará un seguimento da elaboración do TFG e velará polo cumprimento dos obxectivos fixados. Unha vez finalizada a elaboración autorizar a presentación e defensa do TFG.</p> <p>As modalidades do TFG que poderán realizar o alumnado son algunha das seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">a) Estudos empíricos relacionados con calquera das liñas temáticas propias da titulación de grao e enmarcados no ámbito das competencias desta.b) Revisión e investigación bibliográfica centrada nalgún dos diferentes campos da titulación de grao.c) Análise de protocolos de actuación, unidades didácticas, proxectos socioeducativos ou calquera outro documento institucional, vinculadas a algún dos diferentes campos da titulación de grao.d) Deseño de unidades didácticas, proxectos educativos e socioeducativos de diversa índole, relacionados coa titulación de grao.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Unha vez publicada a listaxe definitiva de asignación de temáticas e dirección académica, o alumnado terá que poñerse en contacto coa súa dirección académica nun prazo máximo de dez días naturais.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Avaliación global emitida polo tribunal sobre a adquisición de competencias reflectidas no traballo tutelado (contido e formato), unha vez obtido o visto e prace da dirección académica do mesmo para a súa presentación e defensa.	70
Presentación oral	Avaliación global emitida polo tribunal sobre a adquisición de competencias reflectidas na presentación e defensa oral do TFG	30

Observacións avaliación



IMPORTANTE: As características e condicións da avaliación dos TFGs que aparecen nesta guía son orientativas, e poden modificarse coas propostas de mellora que sexan aprobadas trala experiencia do curso académico 2013-2014. As características e condicións definitivas da avaliación para o curso 2014-2015 faranse públicas no primeiro cuatrimestre de dito curso académico.

Para presentar e defender o Traballo Fin de Grao é necesario contar co visto e prace da dirección académica.

O alumnado que non conte co visto e prace da dirección académica ou non a presente en tempo e forma segundo o procedemento establecido será cualificado como NON PRESENTADO.

A cualificación final do Traballo de Fin Grao será a emitida polo tribunal avaliador da presentación e defensa oral do mesmo.

No caso de non realizar a presentación e defensa oral do Traballo Fin de Grao, tendo o informe favorable da dirección académica, a cualificación recibida será a de NON PRESENTADO.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Segundo a Regulamento para a elaboración do Traballo de Fin de Grao a cualificación outorgarase en función da seguinte escala numérica establecida no Real Decreto 1125/20037 de 0 a 10, con expresión dun decimal, a que terá que engadírselle a correspondente cualificación cualitativa:

- a) 0-4,9 suspenso
- b) 5,0-6,9 aprobado
- c) 7,0-8,9 notable
- d) 9,0-10 sobresaliente

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndanse evitar imprimir borradores, e se non é posible, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías